

recuperar para a súa finalidade orixinal pero aínda quedan moitas á espera da restauración do que é un dos patrimonios etnográficos máis singulares de Galiza.

**A Trigueira:** 9 (42°33'47.6"N 8°13'43.0"W)

Na zona do Candán xa houbo explotacións mineiras dende os tempos dos romanos. Non obstante, foi a partir de 1918 e sobre todo nos anos 40-50 cando por mor da II Guerra Mundial se rexistrou unha intensa actividade mineira de extracción de volframio e estaño. As necesidades do complexo mineiro fixeron que o lugar da Trigueira contase con corrente eléctrica mesmo antes que a vila de Lalín. O abeiro desta intensa actividade floreceron negocios coma economatos ou hospedaxe. Funciona no lugar, en pleno corazón da serra, unha casa de turismo rural na que o visitante pode aloxarse. A última concesión mineira caducou nos anos 90 e hoxe en día respírase paz e tranquilidade

**Casas das minas:** 10 (42°33'43.8"N 8°13'42.7"W)

Aquí vivían os enxeñeiros encargados das minas. Foron rehabilitadas pola Comunidade de Montes de Zobra e postos en valor como apartamentos turísticos. Sen dúbida son outra fantástica opción de aloxamento para o visitante que desexe gozar do tesouro medioambiental que é a Serra do Candán.

**Miradoiro de Cabana:** 11 (42°33'37.3"N 8°13'43.5"W)

Sentados nos bancos deste miradoiro e acompañados polo monte da Corza, o monte Coco e o Penón, gozaremos das vistas á casa da Cabana, ó lugar da Trigueira e ós seus bancais, e á aldea de Porto Martín.

A casa da Cabana pertenceu ó pazo de Des, en Soutolongo. O seu hórreo de seis claros con tellado de lousa, construído en 1859, dá idea da importancia que tivo naquela época.

**Central das minas. Minas:** 12 (42°33'19.4"N 8°13'44.3"W)

Neste lugar atopábase a presa e a central que producía a electricidade para o complexo mineiro. Agora o río Deza corre libre e forma unha fotoxénica ferverza. As vellas casas da central e mais a pontella de madeira forman un recuncho encantador que cómpre contemplar. Ata non hai moito -1994- esta pontella era atravesada polos veciños de Porto Martín e O Ameixedo para comunicarse cara a Lalín. Dende aquí parte unha variante do sendeiro PRG-188 que leva á mina da Corza, na que nos podemos adentrar uns poucos metros.

**Antigo polvorín:** 13 (42°33'43.1"N 8°13'52.9"W)

A carón das ruínas do antigo polvorín deixaremos o coche para percorrer a pé os escasos 500 metros que nos levan ata a chapacuña de Ramiro. Dende aquí podemos apreciar os socalcos da Trigueira, un exemplo de adaptación do home ó medio. Estes socalcos permitían traballar unhas terras que, da outra maneira, por causa da pendente, serían moi difíciles de cultivar.

**Chapacuña de Ramiro:** 14 (42°33'38.1"N 8°13'51.6"W)

Esta pequena área de recreo aproveita unha pequena tosta -en Zobra coñécense coma "chapacuñas"- no río Deza. A auga, a vexetación de ribeira e as mesas e bancos de madeira fan deste lugar un sitio onde refrescar os pés e relaxarse en contacto coa natureza.

**Valxanín:** 15 (42°34'21.8"N 8°12'49.0"W)

Á saída do lugar de Portela, dende este punto pódese apreciar unha panorámica das devesas de Bustelos e do río Zobra, o monte Castelón (820 metros), o monte Coco (970 metros) e o alto de San Bieito (1017 metros)

**Moa:** 16 (42°35'11.3"N 8°13'03.0"W)

Tamén aquí, xa na parroquia de Vilatuxe, temos a oportunidade de facer unha parada para recrearnos, á sombra, coas espectaculares vistas e aproveitar para refrescarnos na súa fonte.

**Pozo do Boi:** 17 (42°36'59.8"N 8°12'29.7"W)

Nada mellor para relaxarnos e pasar a tarde que facelo nesta praia fluvial, orgullo do Concello de Lalín. É o lugar idóneo ao que se achegar nos días de verán e darse un baño nas cristalinas augas do río Deza, cunha calidade da auga cualificada ano tras ano coma "excelente para o baño". Pódese gozar da agradable sombra da carballeira, equipada con mesas e bancos onde poder facer un pícnic, ou tomar o sol na marxe oposta do río.

O resto do ano a paz e a tranquilidade apodéranse da zona e convértena nun lugar a visitar por aqueles amantes da natureza sinxela, que gozan co piar dos paxaros, cos sons da auga, coa lectura á sombra dun carballo ...

Nos meses de xullo e agosto dispón de servizos de bar e aseos.

#### CONSELLOS:

- Gran parte deste percorrido transcorre por un espazo catalogado coma Zona Especial de Conservación, e forma parte da rede europea Natura 2000, polo que debemos ser respectuosos e respectuosas co medio.
- Se é posible comparta vehículo. Circule a modo. A baixa velocidade reducirá a contaminación e o ruído, e aumentará a posibilidade de observar a gran variedade de fauna que habita a serra. Lembre que na maior parte da ruta non se pode ir a máis de 30 km/h.
- Goce da paisaxe pero non descoide a atención ó volante. Parte do percorrido transcorre por pistas rurais e de montaña e é posible atoparse con gando ou vehículos agrícolas. Poña especial atención se hai condicións climáticas adversas (choiva, neve, xeadas).
- Cando estacione o vehículo fágao nun lugar seguro e procure non facelo diante dunha entrada. Déixeo de modo que posibilite o paso cómodo doutros vehículos. Recorde que non se pode circular polos camiños con vehículos a motor.
- Se fai o percorrido en bicicleta circule con precaución e procure facerse o máis visible posible.
- Grazas por respectar o espazo, recoller o seu lixo e non deteriorar os elementos naturais ou arquitectónicos.

**Distancia aproximada de percorrido:** 34 km en coche, 1,5 km a pé.

**Tempo estimado do percorrido:** 4 - 5 h (incluídos desprazamentos e visitas).



Oficina Municipal de Turismo  
Tel.: 666 430 458  
infoturismo@lalin.gal



facebook.com/turismolalin  
twitter.com/turismo\_lalin  
instagram.com/turismolalin

Lalín,  
un interior  
único



Concello de Lalín  
Concellería de Turismo  
turismo.lalin.gal

Depósito Legal: PO 522-2018



PERCORRIDOS

AUGA E MEL



## AUGA E MEL

A auga é a protagonista deste percorrido que nos leva pola Serra do Candán. Unha paisaxe de montaña formada por pequenos vales encaixados, con cumes que acadan os 1000 m de altitude. Por ela corren abondosos regatos que ó xuntarse forman os ríos Lérez, Umia ou o Deza, que dá nome á comarca e será un dos nosos compañeiros ó longo da ruta. A gama de cores da serra varía seguindo o ritmo das estacións, facendo que a experiencia da nosa visita nunca sexa a mesma: verdes dos prados e devesas, púrpuras e amarelas das flores en primavera, ocre no outono, ou os brancos nos cumes coas neves invernaís.

Veremos construcións que reflicten a adaptación dos seus habitantes a un medio duro, no que a escasa agricultura se complementaba con actividades coma a apicultura; de feito, é precisamente neste territorio onde contamos coa maior concentración de alvarizas de toda Galiza e mesmo do noroeste peninsular. Tamén atoparemos vestixios da actividade mineira xa coñecida en época romana pero especialmente intensa no século XX- e pasaremos por unha importante zona de tránsito de arrieiros.

É un percorrido para facer sen présas, onde nos recrearemos coas vistas pero sen perder a atención na condución, pois imos por estradas de montaña e pistas agrícolas. Tampouco debemos esquecer que transitamos en gran parte por unha zona de alto valor ecolóxico, declarada Zona Especial de Conservación e que forma parte do proxecto europeo Rede Natura 2000.

Dende a estrada PO-534 que vai de Lalín a Folgoso, en Vilatuxe (p. k. 8,85) collemos a PO-203 en dirección Irixo/Carballiño, entrando así no lugar de Os Carballiños. Paramos para admirar o seu carballo. Proseguimos unha ruta de 3 km ata atopar, á dereita, o desvío cara a Zobra. 700 m máis adiante – ó pasar A Castiñeira, parroquia de Lebozán- hai unha pista que se dirixe a Chedas. Non a seguimos; paramos alí o coche e andamos 50 m para admirar as vistas a este casal illado. Retomamos camiño e, a 3,5 km, tras pasar O Espiño, de novo á dereita, collemos cara a Zobra. Despois de 4 km entre un corredor de exuberante vexetación, incorporámonos á estrada que cara á esquerda nos leva ó lugar de Zobra. Deixamos o coche onda o local social.

Podemos andar 250 m para botar unha ollada á súa igrexa, de orixe románica, e ó seu camposanto, que conserva algúns exemplares de panteóns labrados en cantería do país. Despois de refrescarnos na súa fonte e conversar cos seus acolletores veciños e veciñas continuamos o noso percorrido. Aproximadamente a 1 km atopamos a alvariza do Acevedo. Seguimos o camiño rodeado de bosque autóctono e chegamos ata o lugar da Trigueira, onde funcionan dous establecementos de turismo rural. 300 m máis adiante podemos gozar das vistas que nos ofrece o miradoiro de Cabana. Continuamos ata chegar á ponte que cruza o río Deza, onde nos detemos para ver os restos da antiga central. Logo de coñecer este espazo, cruzamos a ponte e, a 800 m do lado dereito da pista, deixamos o coche e baixamos andando 150 m polo camiño que a leva á área fluvial. Despois de deleitarnos deste recuncho de paz é o momento de desandar o noso camiño.

Volvemos atrás, pero desta vez ó saír de Zobra seguimos recto pola estrada. Podemos deternos para recrearnos coas fermosas vistas que se aprecian dende Valxanín ou Moa. Dende este último lugar, xa na parroquia de Vilatuxe, prestando atención ás curvas, e tras 7 km, chegaremos a Gondoriz Pequeno, que quedará á nosa esquerda. Xusto despois de pasar este lugar, collemos a primeira pista á esquerda, e seguindo as indicacións, continuamos 1 km ata chegar á praia fluvial de pozo do Boi, onde daremos por finalizado o noso percorrido. Retomando o camiño que nos trouxo ata aquí chegaremos de novo á estrada PO-534.

### Os Carballiños: 1

Este lugar da parroquia de Vilatuxe foi en tempos lugar de parada e fonda dos arrieiros que dende o Ribeiro transportaban o viño a Santiago e ás terras de Deza. Esta herdanza mantense na actualidade con varios establecementos nos que gozar da nosa gastronomía. A feira que aquí se celebraba era unha das de maior renome en toda a comarca. A sombra da súa carballeira acolle agora cada segundo domingo de maio unha sonada recreación das feiras tradicionais, na que a veciñanza participa interpretando escenas típicas, contos e historias; arroupadas por unha coidada escenografía.

### Carballo dos Carballiños: 2 (42°36'51.7"N 8°11'20.4"W)

Fermoso exemplar de carballo (*Quercus robur*) e magnífico expoñente desta especie tan abondosa en Galicia. Incluída no Catálogo de Árbores senlleiras de Galicia co número 131A, presenta unha circunferencia de 4,68 m e unha altura de 23,60 m.

### Casal de Chedas: 3 (42°34'36.4"N 8°11'06.9"W)

A pista que vai cara a Chedas é unha pista sen saída, na que é complicado dar a volta, e que desemboca no casal, de propiedade privada e que non admite visitas. O mellor é gozar da fermosa vista que dende o alto, a carón dun panel interpretativo, nos ofrece o val de Chedas.

Ó parecer, este lugar foi unha granxa-escola pertencente ó mosteiro de Aciveiro, dono de practicamente todas as terras da Serra do Candán. Nos seus muros hai numerosas pedras con motivos variados, tanto relixiosos coma profanos. Destaca unha fiestra de arco conopial flanqueada de dous rostros, de factura renacentista. É desta época - o século XVI – a primeira documentación na que se fai referencia ós seus propietarios. No século XIX a familia Pimentel foi a posuidora do casal; de feito cóntanse fabulosas historias acerca dos amoríos dun dos seus membros. Destaca aquela que relata como se lanzaba espido dende o balcón, usando un paraugas como paracaídas, para atoparse no patio coas súas amantes.

### Zobra: 4 (42°34'02.1"N 8°12'08.8"W)

Parroquia de maior extensión da comarca de Deza. No ano 2017 obtivo a distinción "Aldea singular" que o concello de Lalín outorga cada ano para premiar as parroquias polo seu traballo na defensa da súa idiosincrasia. As xentes de Zobra destacan pola súa capacidade de adaptación nun espazo de montaña. A cantería, o cultivo en socalcos, o mel, a industria do liño, a elaboración de carbón vexetal; son algúns dos oficios desenvolvidos polos seus habitantes para aproveitar os recursos da serra de maneira racional.

Destaca tamén Zobra polo carácter solidario e alegre das súas xentes e por ser o lugar da comarca onde se conservou de maneira ininterrompida a celebración de ruadas. As pandeireiras de Zobra son recoñecidas e benvidas en tódolos lugares ós que acoden cos cantos que souberon conservar e difundir xeración tras xeración.

A Comunidade de Montes de Zobra acondicionou unha ruta homologada de gran beleza, o PR-G 188, un sendeiro circular de 23 km que percorre escenarios de gran beleza e que ten a súa partida e chegada no lugar. 5

Terra tamén de canteiros, podemos ver o seu traballo na igrexa, orixinariamente do século XII e hoxe moi modificada, e nos panteóns do camposanto. 6 Recomendamos beber auga na fonte do lugar, que calma a sede e revitaliza o espírito. E non debemos deixar de probar o mel.

### O Mel de Zobra. 7

A apicultura é unha das actividades que sobreviviu ó paso do tempo. Fomentada polos monxes de Aciveiro, dan boa fe da súa importancia as numerosas alvarizas que se conservan na serra. A piques de desaparecer nos anos 80, hoxe a produción de mel recuperou o seu lugar na economía da parroquia. Mel de flores de castiñeiro, de carrasco, de uz... Sen tratamentos industriais, amparados pola IXP "Mel de Galicia" e premiados constantemente nos concursos de catas especializados. Con cita previa poderemos visitar algunha das empresas familiares que aquí teñen os seus centros de envasado.

### Alvariza de Acevedo: 8 (42°33'58.4"N 8°12'45.1"W)

As alvarizas son construcións de pedra concibidas como fortalezas para protexer as colmeas dos ataques dos osos e doutros animais. De forma redondeada, posúen uns impresionantes muros rematados nun beiril e unha porta moi pequena para impedir o acceso do plantígrado. Estaban orientadas para captar o sol, evitando a humidade e a xeadas; e normalmente estaban situadas preto de cursos de auga -coma neste caso- para favorecer o ciclo vital das abellas.

Estes vales albergan a maior concentración de alvarizas do noroeste atlántico. A desaparición do oso na serra - a última noticia que se ten da súa presenza na comarca é dun exemplar abatido a mediados do século XIX – e o abandono da apicultura, fixeron que moitas destas singulares construcións caesen no abandono. Hoxe en día algunhas volvéronse

